

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	IES Chan do Monte	Marín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua castelá e literatura II	2º Bac.	3	87

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	22
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	26
9. Outros apartados	27

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Lingua castelá e literatura I do 2º curso de Bacharelato, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o RD 243/2022, de 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do Bacharelato.

O propósito da materia de Lingua Castelá e Literatura en segundo de bacharelato oriéntase tanto á eficacia comunicativa na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, como a favorecer o uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos, e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura en bacharelato marcan unha progresión con respecto aos da educación secundaria obrigatoria, dos que se parte nesta nova etapa. O afondamento con respecto á ESO consiste nunha maior conciencia teórica e metodolóxica para analizar a realidade, así como na mobilización dun conxunto maior de coñecementos, articulados a través de instrumentos de análise que axuden a construír e a estruturar o coñecemento explícito sobre os fenómenos lingüísticos e literarios tratados. Proponse tamén favorecer unha aproximación ampla á cultura, que afonde na relación continua entre pasado e presente.

Un dos fins principais desta etapa educativa é que o alumnado consiga aquelas capacidades indispensables para a plena realización persoal e social. Na sociedade de información actual en continuo cambio, isto supón ampliar as tarefas da clase de Lingua Castelá e Literatura máis aló das dirixidas á adquisición do coñecemento gramatical mediante a reflexión sobre textos, especialmente literarios.

No século XXI, resulta imprescindible aceptar un novo concepto de alfabetización que implica saber xestionar adecuadamente o inxente caudal de información co que nos atopamos. É preciso articular mecanismos que nos permitan obter información pertinente, planificar o mellor modo de comunicala atendendo a unha finalidade e a un contexto concretos, aprender a avaliala e comunicala de maneira ética. Esta alfabetización convértese así nun dos obxectivos principais do ensino da lingua. Só o seu logro permitiralles aos cidadáns e ás cidadás participar eficazmente na sociedade do coñecemento. As situacións de aprendizaxe da materia de Lingua Castelá e Literatura deben adestrar o alumnado no uso das ferramentas coas que poderán dar resposta aos retos da sociedade do século XXI, que demanda persoas cultas, críticas e ben informadas.

O desenvolvemento das competencias do alumnado reclama en bacharelato unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación. Por iso, o traballo transdisciplinario é imprescindible para que o alumnado se apropie dos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento. Con respecto á competencia literaria, en bacharelato preténdese unha progresiva confluencia entre as modalidades de lectura guiada e lectura autónoma, tanto no relativo aos seus respectivos corpus como ás súas formas de fruición. A adquisición dunha plena competencia comunicativa inclúe un achegamento ao feito cultural e literario a través da lectura.

A diversidade lingüística da maior parte dos contextos escolares e a innegable necesidade dunha educación plurilingüe para todo o alumnado invita ao tratamento integrado das linguas como o mellor camiño para estimular non só a reflexión interlingüística senón tamén a aproximación aos usos sociais reais, nos que a miúdo se han de manexar simultaneamente dúas ou máis linguas.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. «As linguas e os seus falantes», «Comunicación: comprensión oral e escrita», «Comunicación: expresión oral e escrita», «Educación literaria» e «Reflexión sobre a lingua». Estes cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nas seis unidades didácticas que se recollen nesta programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural de España e a riqueza dialectal do español, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para refutar os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando tanto a súa calidade como a súa fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, adoptando un punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto a diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes da literatura española e hispanoamericana, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais para establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42
OBX9 - Consolidar e profundar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Poñer as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e evitando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O mundo e o coñecemento a través dos textos	Esta unidade dedicarémola aos tipos de textos máis frecuentes dos medios de comunicación social, para analizalos desde unha perspectiva crítica. Do mesmo xeito, repasaremos os tipos de textos máis habituais no ámbito académico, xa que constitúen o elemento fundamental da avaliación e da cualificación en todas as materias.	30	18	X	X	X
2	A visión microoscópica dos textos	Nesta unidade transversal traballaranse as diferentes unidades lingüísticas, atendendo á súa clasificación, a súa estrutura e as regras que rexen a súa combinatoria. Alén disto, analizaremos os diferentes procedementos de formación de palabras para enriquecer o seu vocabulario e a comprensión textual e, por último, estudaranse os diversos aspectos a que atinxen ao significado das palabras e ás relacións que se establecen entre elas desde esta óptica.	30	27	X	X	X
3	Literatura da Idade de Prata da cultura española (1875-1936)	Esta unidade didáctica dedicarase ao estudo da literatura da chamada Idade de Prata da cultura española, que comprende os anos 1875-1936. Abarcará, polo tanto, a revisión do Modernismo e as Xeracións do 98, o 14 e o 27, centrándose nas súas características, autores/as e obras máis destacados, así como na identificación, análise e comentario dos trazos distintivos do movemento, o/a escritor/a ou o texto en fragmentos significativos da literatura deste período.	15	16	X		
4	As linguas de España e os dialectos do español	Nesta unidade didáctica, trátase de coñecer en profundidade e valorar as linguas de España e as variedades dialectais do español. Mediante a comparación entre as linguas e entre os trazos dos distintos dialectos do español, sensibilizarase sobre a necesidade de refutar prexuízos lingüísticos e sobre a importancia de evitar os usos discriminatorios da lingua.	5	6		X	
5	Literatura da Guerra Civil, o exilio e a ditadura	Esta unidade didáctica abordará o estudo da literatura española desde 1936 ata 1975, que abarca o período da Guerra Civil, o exilio de boa parte dos autores e autoras do momento e a ditadura. Abrangue, polo tanto, as manifestacións poéticas, narrativas e teatrais destes anos, examinando as súas características,	10	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Literatura da Guerra Civil, o exilio e a ditadura	autores/as e obras máis representativos, identificando, analizando e comentando tamén os trazos distintivos dos movementos, escritores e escritoras ou textos en fragmentos significativos da literatura deste período.	10	10		X	
6	Literatura española e hispanoamericana contemporánea	Esta unidade didáctica estará dedicada ao estudo da literatura española posterior a 1975 e da hispanoamericana contemporánea. Centrarase, entón, na revisión das características, autores/as e obras máis destacados, así como na identificación, análise e comentario dos trazos distintivos dos movementos, escritores e escritoras ou textos en fragmentos representativos da literatura deste período.	10	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O mundo e o coñecemento a través dos textos	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado captará, como mínimo, a intención comunicativa, o sentido global dos textos orais especializados e a relación entre as súas partes. Seleccionará e reterá a información relevante.	PE	90
CA2.3 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Como mínimo, o alumnado recoñecerá a intención comunicativa, o sentido global e a relación entre as partes dos textos escritos.		
CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado valorará a coherencia, recoñecerá os principais mecanismos de cohesión nos textos escritos e identificará a expresión da subxectividade.		
CA2.6 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso das ferramentas adecuadas e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles rumbos da información.	O alumnado deberá amosar habilidade para verificar a veracidade da información obtida no contorna dixital.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado analizará o grao de formalidade da situación, o propósito comunicativo e o canal, mediante o seu rastro na mensaxe.		
CA2.9 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado deberá detectar e rexeitar os usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.		
CA3.3 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	O alumnado elaborará comentarios críticos sobre temas académicos ou de interese social. Valorarase a fiabilidade da información, a calidade, a corrección, a coherencia, cohesión, adecuación e o proceso completo de escritura.		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado prestará especial atención ás relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión dos textos propios.		
CA3.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen organizar e integrar a información en esquemas propios; reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	O alumnado elaborará tarefas de investigación de maneira autónoma sobre un tema académico. Valorarase a fiabilidade e a pertinencia da información, así como a capacidade de expresala de xeito creativo.		
CA3.6 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica.	O alumnado revisará, correxirá e mellorará os textos propios a partir da reflexión meta e interlingüística, empregando a terminoloxía axeitada.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valorará nos textos orais a eficacia comunicativa, a dicción, a linguaxe corporal e a utilización de soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, atendendo á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia.	O alumnado buscará e seleccionará información con criterios sólidos de fiabilidade, calidade e pertinencia.	TI	10
CA3.1 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realizará unha presentación de 5 minutos con fluidez e coherencia, usando o rexistro adecuado e adaptándose ao tempo dispoñible. Prestará atención á dicción e á linguaxe non verbal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	O alumnado participará de maneira activa, respectará a quenda de palabra e evitará as interrupcións nas interaccións orais.		
CA3.7 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	O alumnado deberá chegar a acordos de maneira pacífica, mediante o uso dunha argumentación eficaz e o respecto da diversidade de opinións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: os compoñentes do feito comunicativo. - Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Interpretación dos xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Comprensión e análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación. - Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto. - Alfabetización informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Análise das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e da súa aplicación nos textos. - Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Localización e clasificación de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. - Detección e análise das relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración dos tempos verbais. - Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: os compoñentes do feito comunicativo. - Elaboración de textos tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.

Contidos

- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación de textos orais, escritos e multimodais.
- Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.
- Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e dos medios de comunicación.
- Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal.
- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Alfabetización informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais.
- Emprego axeitado das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e nos textos propios.
- Uso dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Utilización adecuada de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Establecemento das relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.

UD	Título da UD	Duración
2	A visión microoscópica dos textos	27

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado identificará e explicará os elementos constituíntes das palabras e os seus mecanismos de formación mediante a observación, comparación e clasificación de unidades, para comprender de maneira global os enunciados.	PE	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado recoñecerá, en enunciados reais, os desvíos normativos e gramaticais máis comúns do castelán de Galicia.		
CA3.6 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica.	O alumnado recoñecerá, en enunciados reais, os desvíos normativos e gramaticais, e os erros ortográficos máis comúns na lingua castelá.		
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado centrarase nos valores denotativos e connotativos das palabras en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.		
CA5.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado deberá recoñecer as diferentes clases de palabras desde unha concepción da lingua como sistema interconectado e prestar atención aos procedementos gramaticais existentes para enriquecer os propios textos.		
CA5.3 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado recoñecerá as funcións sintácticas da cláusula (simple e complexa) e das construcións compostas, e solucionará problemas de comprensión analizando as relacións entre a estrutura sintáctica e semántica das construcións.		
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado será capaz de establecer xeneralizacións sobre as mudanzas no significado. Así mesmo, prestará especial atención ás diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos léxicos e pragmáticos.		
CA5.5 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado usará autonomamente dicionarios, manuais de gramática e outras fontes para obter información gramatical de carácter xeral.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Análise das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e da súa aplicación nos textos. - Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Localización e clasificación de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. - Detección e análise das relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración dos tempos verbais. - Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co

Contidos

- significado.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais.
- Emprego axeitado das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e nos textos propios.
- Uso dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Utilización adecuada de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Establecemento das relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
3	Literatura da Idade de Prata da cultura española (1875-1936)	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	O alumnado será quen de trasladar a análise de textos procedentes da literatura estudada, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándoas con outras expresións artísticas.	PE	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, a tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA4.4 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura española ou hispánica do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado elaborará breves ensaios sobre temas vinculados á literatura estudada. Valorarase a pertinencia da análise temática e formal e a relación con outras expresións artísticas.		
CA4.1 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluído o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	O alumnado será quen de elixir e ler de forma autónoma textos relevantes vinculados á literatura estudada e expresar de xeito argumentado os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora.		
CA4.5 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado usará dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico, solventando problemas de comprensión.	TI	10
CA4.6 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado deberá detectar e rexeitar os usos discriminatorios na linguaxe verbal e non verbal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras relevantes, incluído o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.

Contidos

- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e os formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de obras relevantes da literatura española do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero arredor de tres eixes: (1) Idade de Prata da cultura española (1875-1936); (2) Guerra Civil, exilio e ditadura; (3) Literatura española e hispanoamericana contemporánea. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

UD	Título da UD	Duración
4	As linguas de España e os dialectos do español	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con especial atención ao galego e ao castelán, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das linguas e os dialectos en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	O alumnado recoñecerá as linguas de España e os dialectos do español. Será quen de diferenciar os trazos propios das variedades dialectais e os relativos aos sociolectos e aos rexistros.	TI	100
CA1.2 - Refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	O alumnado deberá identificar e combater os prexuízos e os estereotipos lingüísticos. Analizará tamén o papel dos medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado deberá detectar e rexeitar os usos discriminatorios e os abusos de poder na linguaxe verbal e non verbal.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	O alumnado deberá chegar a acordos de maneira pacífica, mediante o uso dunha argumentación eficaz e o respecto da diversidade de opinións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As linguas de España e os dialectos do español. - Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística. - Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros. - Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua española. - Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística. - Detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatalos.

UD	Título da UD	Duración
5	Literatura da Guerra Civil, o exilio e a ditadura	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	O alumnado será quen de trasladar a análise de textos procedentes da literatura estudada, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándoas con outras expresións artísticas.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.	PE	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura española ou hispánica do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado elaborará traballos de investigación sobre temas vinculados á literatura estudada. Valorarase a pertinencia da análise temática e formal e a relación con outras expresións artísticas.		
CA4.1 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluído o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	O alumnado será quen de elixir e ler de forma autónoma textos relevantes vinculados á literatura estudada e expresar de xeito argumentado os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora.		
CA4.5 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado usará dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico, solventando problemas de comprensión.	TI	10
CA4.6 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado deberá detectar e rexeitar os usos discriminatorios na linguaxe verbal e non verbal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras relevantes, incluído o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuito literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e os formatos audiovisuais para o fomento da lectura.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura guiada de obras relevantes da literatura española do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero arredor de tres eixes: (1) Idade de Prata da cultura española (1875-1936); (2) Guerra Civil, exilio e ditadura; (3) Literatura española e hispanoamericana contemporánea. Procesos e estratexias. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

UD	Título da UD	Duración
6	Literatura española e hispanoamericana contemporánea	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	O alumnado será quen de trasladar a análise de textos procedentes da literatura estudada, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándoas con outras expresións artísticas.	PE	90
CA4.3 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA4.4 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura española ou hispánica do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado elaborará traballos de investigación sobre temas vinculados á literatura estudada. Valorarase a pertinencia da análise temática e formal e a relación con outras expresións artísticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluído o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	O alumnado será quen de elixir e ler de forma autónoma textos relevantes vinculados á literatura estudada e expresar de xeito argumentado os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora.		
CA4.5 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado usará dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico, solventando problemas de comprensión.	TI	10
CA4.6 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado deberá detectar e rexeitar os usos discriminatorios na linguaxe verbal e non verbal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras relevantes, incluído o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuito literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e os formatos audiovisuais para o fomento da lectura. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura española do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero arredor de tres eixes: (1) Idade de Prata da cultura española (1875-1936); (2) Guerra Civil, exilio e ditadura; (3) Literatura española e hispanoamericana contemporánea. Procesos e estratexias. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.

Contidos

- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Lingua castelá e Literatura no Bacharelato pretende desenvolver o pensamento de carácter abstracto e formal, ademais de afianzar as capacidades e destrezas de índole persoal, social e académica, favorecendo a autonomía do alumnado e, ao mesmo tempo, estimulando as súas destrezas para o traballo en equipo. Este enfoque metodolóxico está baseado fundamentalmente na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas.

Polo tanto, o currículo da materia propicia o acceso directo ao coñecemento por parte do alumnado, sen necesidade de que o profesor ou profesora adopte o rol de transmisor ou formador único, outorgando unha maior importancia á indagación, á consulta e selección da información e ao tratamento e transformación desta en coñecemento a través do emprego das TIC, como fontes de acceso ao saber e como ferramentas de presentación de traballos, respectando as convencións da tipoloxía textual utilizada. Esta perspectiva procura capacitar o alumnado para aprender a aprender, realizando as inferencias necesarias, achegándose ao coñecemento dos distintos xéneros e movementos literarios, vinculándoos con outras expresións artísticas e establecendo as asociacións pertinentes entre os diferentes elementos que conforman o sistema lingüístico.

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible conferirlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia con outras disciplinas do currículo, dotando o alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, vincular e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a enriquecer os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen, ademais, a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado, baseados en contextos auténticos e recoñecibles, que reforcen o seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Estes principios han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua castelá e literatura, relacionadas cos seus bloques de contido. Polo tanto, planificarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

- 1) Deseño de actividades complexas a partir de textos extraídos do ámbito académico e social, de forma que o alumnado deba empregar un amplo abano de recursos e saberes para poder afrontar con eficacia as situacións comunicativas propostas, favorecendo o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.
- 2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, a través de distintos tipos de agrupamentos.
- 3) Emprego de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora a través da expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e o fomento da creatividade:

- Lectura de obras relevantes da literatura universal para suscitar reflexión e debate sobre a experiencia lectora de cada alumno ou alumna, establecendo vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos, autores e autoras, tópicos e manifestacións artísticas e culturais.

- Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información relevante, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta e completa comprensión, recoñecer a relación entre a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura interna e externa e interpretar os fragmentos propostos, tendo en conta as súas características formais e temáticas.

- Lectura guiada, comprensiva e expresiva de textos pertencentes á literatura desde 1875 ata a actualidade, para a identificación de itinerarios temáticos e xenéricos, a análise dos seus elementos constitutivos, os seus efectos no receptor, a localización da información sociohistórica, cultural e artística asociada á tradición literaria á que representa e os seus vínculos intertextuais.

- Configuración de grupos de traballo colaborativos para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras con certos aspectos da literatura, a historia, a sociedade e a actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través dunha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos, literarios e non literarios, referidos á forma e ao contido dos fragmentos propostos, vinculándoos temática e/ou estilisticamente con outras expresións ou manifestacións artísticas.

8) Creación de textos con intención literaria e conciencia de estilo a partir de modelos dados ou de discursos non literarios, en distintos soportes, respectando os diferentes moldes xenéricos.

9) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas.

10) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

11) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo profesor ou profesora.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Selección de fragmentos e/ou obras de lectura coas súas correspondentes análises.

Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Materiais de investigación e consulta.
Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.
Aula virtual Moodle.
Recursos da biblioteca escolar.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua castelá e literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Alén disto, debe abranguer unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua castelá e literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, cómpre traballar con discursos extraídos do ámbito académico e social (xéneros xornalísticos e da publicidade), que aproximen ao estudantado á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura, como obxecto de observación, reflexión, comentario e crítica, pretende enriquecer a experiencia lectora do alumnado, a través de textos e autoras ou autores relevantes da literatura dos séculos XX e XXI, procedentes do patrimonio nacional, europeo e universal. Alén disto, convén insistir no deseño de actividades que favorezan o desenvolvemento do pensamento abstracto e asociativo do alumnado, establecendo as relacións histórico-culturais entre as obras literarias e outras manifestacións artísticas ou filosóficas do mesmo ou distinto período cronolóxico. Planificaranse, polo tanto, tarefas nas que prime a análise intra e intertextual, así como o estudo da evolución dos temas, tópicos, estruturas e códigos comunicativos ao longo da historia de literatura, en comunión cos cambios na mentalidade e na organización social.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade persoal, social e académica do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o interese pola investigación.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

- Dicionario da Real Academia Española: www.rae.es
- Dicionario Panhispánico de Dúbidas: www.rae.es/dpd

- Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>
- Compilación da obra lírica dos poetas máis relevantes en lingua castelá: www.los-poetas.com
- Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: www.poemas-del-alma.com
- Ampla colección de audio e videopoemas: www.palabravirtual.com
- Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>
- Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>
- Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>
- Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>
- Aula de Letras: http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html
- Morderse la lengua: https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm
- Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: <https://intef.es/?enlace=1&prev=2>
- Páxina web do INTEF (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado): <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>
- Apuntes de Lengua: <http://www.apuntesdelengua.com/>
- Didactalia: <https://didactalia.net/comunidad/materialeducativo>
- Proyecto Aula: <https://lenguayliteratura.org/proyectoaula/>
- Educación 3.0: <https://www.educaciontrespuntocero.com/recursos/blogs-lengua-castellana-literatura-eso-bachillerato/>
- En un lugar de la red: <https://enunlugardelared.wordpress.com/recursos-tic/>
- educaLAB: <http://educalab.es/recursos/historico/asignaturas/lengua-castellana-literatura>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas de curso, realizarase a avaliación inicial que servirá para establecer as medidas de atención á diversidade que permitan atender as necesidades individuais do alumnado.

A proba incluírá cuestións de comprensión textual, morfosintaxe, reflexión metalingüística e literaria do currículo de 1º BAC. Alén disto, haberá unha pregunta na que o alumnado deberá elaborar un comentario crítico sobre un texto xornalístico de opinión ou un texto argumentativo sobre un tema específico. Escolleranse textos cuxo marco de integración global axude a coñecer o alumnado e tamén que sirvan para facer un debate na aula. Ao longo destas semanas tamén se avaliará a expresión oral do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	15	5	10	10	100
Proba escrita	90	90	90	0	90	90	86
Táboa de indicadores	10	10	10	100	10	10	14

Criterios de cualificación:

- Obtención da cualificación da 1ª, 2ª e 3ª avaliacións: Para calcular a nota das unidades, séguense os pesos outorgados aos diferentes instrumentos en cada unidade didáctica, no apartado 5.2 desta PD. Polo xeral, correspóndese coa seguinte media ponderada: 90% (media aritmética das probas escritas sobre todo o leccionado na aula) e 10% (media aritmética das puntuacións obtidas a través de tarefas, traballos de investigación, intervencións, exposicións orais, proxectos etc.). No entanto, se non houber nunha unidade probas escritas específicas, toda a

porcentaxe da cualificación recaerá sobre as tarefas, traballos de investigación etc. Do mesmo xeito, se nunha unidade non se segue a ponderación xeral antes amentada, empregaranse os pesos outorgados no apartado 5.2. A cualificación de cada unha das tres avaliacións virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación.

- **Obtención da cualificación da avaliación ordinaria:** A nota da avaliación ordinaria será o resultado de aplicar a ponderación establecida nesta PD para as cualificacións de todas as unidades impartidas. Nota bene: Naquelas unidades de carácter transversal, é dicir, aquelas que están planificadas para seren leccionadas en máis dunha avaliación, o peso atribuído a esas unidades en relación co total do curso será distribuído entre as avaliacións en que se imparten de xeito equitativo.

- **Promoción do alumnado:** Para superar a materia haberá que obter unha puntuación mínima de cinco puntos (5) na avaliación final de xuño.

- **Convocatoria extraordinaria:** O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria, terá dereito a unha convocatoria extraordinaria, cuxa cualificación será obtida a través dunha única proba escrita que versará sobre todos os contidos leccionados durante o curso, incluídos os libros de lectura avaliábeles.

- **Nota bene:**

- Cando se detecte plaxio nas tarefas, anularanse as entregas dos traballos que sexan idénticos e o alumnado afectado terá que volver a entregar unha tarefa similar.

- Aplicarase unha aproximación cara o seguinte enteiro a partir do 0,75, tan só na cualificación da avaliación final.

- **Abandono da materia:** Para a consideración de abandono da materia, o departamento didáctico terá presente o disposto nas NOFC (alínea 7.4.1.2) do IES Chan do Monte. O alumnado será informado das repercusións que esta consideración podería ter para a correcta avaliación da materia.

Criterios de recuperación:

- **Procedemento para recuperar as avaliacións suspensas:**

O alumnado terá dereito a unha recuperación total ou parcial da materia, onde recuperará os CA que teña suspensos. Se o/a discente tivese toda a materia suspensa faría un exame de toda a materia. En todo caso, as notas obtidas nestas recuperacións serán as de referencia no apartado de probas escritas (90%) para achar as medias. Do mesmo xeito, tamén se permitirá a entrega das tarefas pendentes para recuperar a porcentaxe correspondente ao bloque de traballo (10%).

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para o bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas as persoas, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos os alumnos e as alumnas, sexa cal sexa a súa condición persoal, poden aprender sempre que a súa contorna educativa ofrezca condicións necesarias de acceso e outorgue experiencias de

aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmo.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Deseño de programas específicos reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.
- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.
- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos. Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírse a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

Así mesmo, empregaranse as ferramentas elaboradas pola Consellería para a prevención, detección precoz e tratamento da diversidade, como son os protocolos específicos dirixidos a favorecer a inclusión educativa do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A defensa dos dereitos humanos.	X		X	X	X	
ET.2 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.	X		X	X	X	X
ET.3 - O respecto polas diferenzas.	X	X		X	X	
ET.4 - A formación estética.		X	X		X	X
ET.5 - O compromiso co desenvolvemento sostible.	X					
ET.6 - A educación para a saúde.	X			X		
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X				

Observacións:

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Esta materia debe contribuír a adestrar o alumnado no uso de valores que lle permitan facer un uso eficaz e ético das palabras; ser persoas respectuosas coas diferenzas; ser competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; ser capaces de aprender por si mesmas e colaborar e traballar en equipo; ser creativas e emprendedoras; e comprometidas co desenvolvemento sostible e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias. A materia de Lingua castelá e literatura debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de investigadores/as da Universidade.	Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de primeira man a investigación filolóxica e literaria que se fai na Universidade		X	X
Organización dun club de lectura.	Esta é unha actividade idónea para fomentar o gusto pola lectura de textos que non forman parte do currículo escolar. Tamén é unha actividade a través da que podemos fomentar a expresión oral e o debate en clase. Ademais, permite introducir temas transversais como o respecto pola quenda de palabra, a convivencia, o traballo en grupo e a formación estética.	X	X	X
Celebración de efeméride Día da Poesía.	Coa celebración desta data, o alumnado pode realizar traballos de búsqueda de información de determinados autores e autoras. O profesorado deberá traballar en equipo con compañeiros e compañeiras doutros departamentos, polo tanto é unha actividade ideal para desenvolver tarefas cooperativas de xeito interdisciplinar.			X
Celebración de efeméride Día do Libro.	Alumnado do centro realizará unha lectura continuada de diferentes textos relacionados co ámbito literario.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Ao comezo de cada unidade, infórmase o alumnado sobre os obxectivos propostos, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.

Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo).
A planificación e a distribución do tempo asignado a cada tarefa son axeitadas.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...).
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propondo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Explicáronse e corrixíronse as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa ou coa materia pendente do curso anterior.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará dispoñible para a comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. As ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todo o profesorado do departamento.
- A programación didáctica especifica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuadas ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados